

DECRETO NÚM.:	ASUNTO: CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA A PETICIÓN DA CUARTA PARTE DO NÚM. LEGAL DA CORPORACIÓN (ART 46,2º A ) DA LEI 7/1985 BRL
---------------	---

**Presentouse no rexistro xeral do Concello a solicitude de celebración de sesión de Pleno extraordinario a petición de seis concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE** (Cristina Fajín Barreiro, Carlos Turnes Romero, Blanca María Carmen Ruza Blanco, José María Espasandín Martínez, Jessica Antelo Álvarez, José Antonio Ucha Velo) escrito de data 1 de decembro de 2019, con rexistro xeral de entrada nº 4181 do 02/12/2019, no que expoñen que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e demais normativa concordante, que permite convocar Pleno extraordinario cando o solicite unha cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación e que o segundo o precitado artigo, ningún concelleiro poderá solicitar máis de tres Plenos extraordinarios cada ano, cumprindo todos os asinantes este requisito, que a celebración do Pleno extraordinario que se solicita no poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fora solicitado, que de maneira expresa non se autoriza incorporar os puntos da orde do día propostos nese escrito á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro Pleno extraordinario que conteña máis asuntos e que en caso de que resultar de interés para o Concello a celebración dun único Pleno que, ademais dos asuntos propostos na presente solicitude, incluíra outros asuntos deberá mediar autorización expresa dos solicitantes, e polo que solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario, coa seguinte orde do día: único.-aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servicios de competencia municipal (plan único dos concellos) "POS+2020"

En aplicación do regulado no artigo 46, 2º a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa concordante,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **17 DE DECEMBRO DE 2019 (MARTES), ás 11:30 horas (once e media da mañán)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1	<b>SOLICITUDE GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PUNTO ÚNICO.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) "POS +2020", REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 4181 DO 02/12/2019.</b>
---	---

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da presente resolución.

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>GRUPO POLÍTICO</u>	
ANTELO ÁLVAREZ , JESSICA	PSdeG-PSOE	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL</b>
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	<b>NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL</b>
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>

FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,  
O alcalde

David Barbeira García

Dou fe, a secretaria xeral por acumulación  
(P.R. da DXAL do 02/08/2019)

Ana Beatriz Oveja Villafañe